

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 18.12.2025 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 18 de decembro de 2025, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

1. 38266 (12/CPC-000124)
Do director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, por petición propia, para informar sobre a implantación da Garantía Infantil Europea en Galicia e o seu impacto na loita contra a pobreza infantil
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 283f1, do 12.11.2025

Punto 2. Preguntas

- 2.1 28774 (12/POC-004696)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as eventuais actuacións que desenvolve a Xunta de Galicia co obxectivo de erradicar o uso das contencións mecánicas para inmovilizar pacientes en determinadas circunstancias e tratamentos terapéuticos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 230, do 07.08.2025
- 2.2 34943 (12/POC-005710)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto a unha mellora da cobertura de persoal médico nos centros de saúde de Cerdedo-Cotobade e á dotación do seu punto de atención continuada cunha ambulancia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 265f3, do 08.10.2025
- 2.3 35813 (12/POC-005851)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao reforzamento das unidades multidisciplinares do Sergas e outras medidas para o seguimento dos pacientes con miocardiopatías ou cardiopatías familiares
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 269f1, do 16.10.2025
- 2.4 41113 (12/POC-006410)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 4 máis
Sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para preparar o sistema sanitario ante a chegada do andazo de gripe e de enfermidades respiratorias deste ano



Publicación da iniciativa, BOPG nº 299f1, do 11.12.2025

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2025

Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión



Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 11/12/2025 17:36:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 11/12/2025 18:49:25
Nº Rexistro: 11226
Data envío: 11/12/2025 18:49:25.118

CSV: REXPG-OQISOUJUZU-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/12/2025 18:49:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 11/12/2025 18:49:25
Nº Rexistro: 11226
Data envío: 11/12/2025 18:49:25.118

CSV: REXPG-OQISOUJUZU-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Noelia Pérez López	P
Vicepresidenta	
Ethel María Vázquez Mourelle	P
Secretaria	
Iria Carreira Pazos	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Victor Manuel Baladrón Lamas	P
María Elena Espinosa Mangana	S
Ariadna Fernández González	BNG
Nicole Grueira Fernández	P
María Dolores Hermelo Piñeiro	P
Silvia Longueira Castro	S
Argimiro Marnotes Fernández	P
Armando Ojea Bouzo	M
María Magdalena Pérez Millares	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Iago Suárez Fernández	BNG

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 18.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 18.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 38266(12/CPC-000124)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Familia, Infancia e Dinamización

Demográfica, por petición propia, para informar sobre a
implantación da Garantía Infantil Europea en Galicia e o seu
impacto na loita contra a pobreza infantil

Publicación da iniciativa, 283f1, 12.11.2025

Asunto: Solicitud de comparecencia en Comisión

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego- do director xeral de Familia, Infancia e Dinamización demográfica, por petición propia, para **informar sobre a implantación da Garantía Infantil Europea en Galicia e o seu impacto na loita contra a pobreza infantil.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sandra Vázquez Domínguez

Sr/a. presidente/a da Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: REVPG-DgSrwkxk-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
06/11/2025 11:19:47

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/11/2025 11:19:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2025 11:19:49
Nº Rexistro: 38266
Data envío: 06/11/2025 11:19:49.528

CSV REXPC-DgSawkak-8
Visítalo en:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 18.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 18.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 28774(12/POC-004696)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as eventuais actuacións que desenvolve a Xunta de Galicia co obxectivo de erradicar o uso das contencións mecánicas para inmovilizar pacientes en determinadas circunstancias e tratamentos terapéuticos

Publicación da iniciativa, 230, 07.08.2025



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:03:45
Nº Rexistro: 28774
Data envío: 16/07/2025 12:03:45.570

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as contencións mecánicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A contención mecánica é a acción pola que se inmoviliza a unha persoa, habitualmente a través de correas de suxeición, para fixala a unha cama. Esta práctica posúe características terapéuticas de ningún tipo, mais pola contra, si que supón importantes consecuencias físicas e psicolóxicas, sendo unha das máis traumáticas a curto, medio e longo prazo, e afectando tanto ás persoas que sofren a contención coma tamén incluso ás persoas que se ven obrigadas a practicalas.

Aínda que non existe unha normativa específica para regular o uso das contencións mecánicas no Estado español nin en Galiza, si que existen recomendacións de organizacións supraestatais, así coma outra lexislación que cómpre ter presente a este respecto. Por exemplo, no Estado español, a lei orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia, recolle a prohibición explícita, nos centros de protección, do uso da contención mecánica, establecéndose como prioridade as técnicas de desescalada verbais e marcando os límites de uso da contención física.

Nesta liña, existen actualmente diferentes experiencias na redución e erradicación da contención a nivel internacional con resultado positivo na redución de contencións ata chegar a contar con centros libres de contención. No Estado español, o

Asinado o día 16/07/2025 ás
12.03
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 16/07/2025 ás
12.03
Por Iria Carreira Pazos

CSV: REVPG-HtRweVD-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:03:45
Nº Rexistro: 28774
Data envío: 16/07/2025 12:03:45.570

Parc Sanitari de San Joan de Deu conseguiu en 2020 a acreditación Libera-Dignos, da Fundación Coidados Dignos por reducir a contención practicamente a cero. Tamén Andalucía conta con experiencias de obxectivos de redución da coerción, e hai outras en marcha actualmente no Hospital Universitari Germans Trías i Pujol e no Hospital Sant Pau.

Aínda que nos últimos anos se teñen feito certos avances no que se refire ao recoñecemento institucional da necesidade de erradicar as contencións cero, o certo é que as medidas implantadas son de todo punto insuficientes como para ter impacto real a nivel asistencial e de garantía do respecto aos dereitos humanos.

O Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) é unha organización que leva unha década traballando para denunciar a vulneración de dereitos humanos no eido da saúde mental e para esixir a súa garantía, sendo un dos campos de traballo a erradicación da contención mecánica. Nesta liña fixo público o Documento marco para a elaboración dun Plan Galego de Erradicación do uso das contencións mecánicas nos Servizos de Saúde Mental, no que se recollen unha serie de propostas para lograr o obxectivo da contención cero.

Mais, para poder avanzar resulta imprescindible termos información e coñecer os datos sobre a utilización da contención mecánica, pois diferentes investigacións salientan a gran variabilidade existente, xa non entre países, senón incluso entre hospitais e/ou unidades, o que fai pensar no peso que teñen factores locais e de tradición en cada centro sobre outras variables. Na Galiza, aínda que existe algunha información destas prácticas, sobre todo a base de testemuños ou de informes externos coma os da Comisión Nacional de Prevención de la Tortura do Defensor del Pueblo, nin o Sergas nin a Consellería de Sanidade ofrecen información pública e sistematizada. Preocupadas por esta cuestión, desde o BNG temos demandado esta información, tamén a través de iniciativas parlamentarias, mais sen que se chegase a facer pública en ningún momento,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:03:45
Nº Rexistro: 28774
Data envío: 16/07/2025 12:03:45.570

amparándose o Partido Popular en que “non son información clínica relevante” para xustificar tal veto e ocultación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

– Cales son as actuacións que está a desenvolver o goberno galego para lograr a erradicación das contencións mecánicas?

– Considera que se está a dar unha formación suficiente ás profesionais do sistema público galego de saúde? Chega a todas as categorías profesionais? Considera o goberno suficiente o número de profesionais que reciben esta formación?

– Cal é a formación que se está a impartir en técnicas de desescalada verbal e estratexias de prevención da contención mecánica?

– Cales son os datos de contención mecánicas no seo de centros dependentes do Sergas? E en centros con financiamento público? Estanse rexistrando de xeito adecuado conforme ao indicado, por exemplo, por parte do Comité Europeo para a Prevención da Tortura e das Penas e Tratos Inhumanos ou Degradantes?

– Ten previsión a Xunta de Galiza de deseñar un Plan Galego de Erradicación das contencións mecánicas?

– Cando considera o goberno que se acadará o obxectivo da contención cero?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 16/07/2025 12:03:15

María Montserrat Prado Cores na data 16/07/2025 12:03:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:03:45
Nº Rexistro: 28774
Data envío: 16/07/2025 12:03:45.570



CSV REXPG-HHfRweVJD-5
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/07/2025 12:03:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/07/2025 12:03:45
Nº Rexistro: 28774
Data envío: 16/07/2025 12:03:45.570



CSV REXPG-HHfRweVJD-5
Validación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 18.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 34943(12/POC-005710)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto a unha mellora da cobertura de persoal médico nos centros de saúde de Cerdedo-Cotobade e á dotación do seu punto de atención continuada cunha ambulancia

Publicación da iniciativa, 265f3, 08.10.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 11:46:28
Nº Rexistro: 34943
Data envío: 29/09/2025 11:46:28,287

Asinado o día 25/09/25
17:53
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

O concello de Cerdedo-Cotobade con 214,35 km2 e 21 parroquias é un dos máis extensos de todo o territorio galego. Conta con 3 centros de atención sanitaria (1 PAC e 2 centros de saúde) para atender a un total de 5.815 habitantes.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista vimos denunciando desde hai moito tempo as carencias sanitarias existentes, como a ausencia de cobertura de baixas médicas, de ambulancias.... sen que o Goberno da Xunta leve a cabo ningún tipo de actuación para melloralas.

Este mes de agosto, como en anos anteriores a situación de desasistencia sanitaria para os menores de idade repítese debido a que non se cobren as vacacións da pediatra adscrita ao centro médico de Tenorio.

Como consecuencia disto os menores son derivados aos centros de Forcarei (ten atención pediátrica só 1 día á semana); ao concello de Pontecaldelas e ao hospital provincial de Pontevedra ao centro de saúde da Parda ambos no concello de Pontevedra.

A directriz organizativa imposta polo Sergas para suplir esta carencia é a seguinte:

- As urxencias son derivadas ao Hospital Provincial de Pontevedra;

Asinado o día 25/09/2025 ás
17:52
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 25/09/2025 ás
17:52
Por Paloma Castro Rey

CSX-REXPG-SXIPG04-8
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 11:46:28
Nº Rexistro: 34943
Data envío: 29/09/2025 11:46:28.287

- As revisións de idade son derivadas, a dos menores de 3 anos aos centros de saúde de Pontecaldelas ou Forcarei e as dos maiores de 4 suspendidas ata o mes de setembro.

No último pleno celebrado o día 2 de agosto o Grupo Municipal Socialista instou ao Concello a requirirle á Xunta a cobertura da baixa pediátrica, sen ningunha actuación por parte do grupo de goberno.

Desde o Grupo Socialista insistimos novamente en solicitar á Xunta que supla con carácter urxente o déficit sanitario que presenta este concello, cubrindo as baixas médicas temporais e definitivas.

Así mesmo, insistimos novamente na necesidade de dotar o PAC de Cerdedo dunha ambulancia para poder trasladar as urxencias graves que se produzan neste concello ao Hospital de Montecelo.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Ten previsto este goberno, cubrir o déficit sanitario que presenta o concello de Cerdedo-Cotobade, cubrindo as baixas médicas temporais e definitivas, dos profesionais da Atención Primaria, así como a do pediatra adscrito a este concello?
2. Vai dotar este goberno o PAC de Cerdedo dunha ambulancia para poder trasladar as urxencias graves ao Hospital de Montecelo?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2025

CSV REXPO-SxipRG0a-8
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 25/09/2025 17:52:35

Elena Espinosa Mangana na data 25/09/2025 17:52:43

Silvia Longueira Castro na data 25/09/2025 17:53:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 11:46:28
Nº Rexistro: 34943
Data envío: 29/09/2025 11:46:28.287



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 29/09/2025 11:46:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2025 11:46:28
Nº Rexistro: 34943
Data envío: 29/09/2025 11:46:28.287



CSV: REXPG-SxipRC0a-8
Visítalo en:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 18.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 35813(12/POC-005851)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao reforzamento das unidades multidisciplinares do Sergas e outras medidas para o seguimento dos pacientes con miocardiopatías ou cardiopatías familiares

Publicación da iniciativa, 269f1, 16.10.2025



**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:23:00
Nº Rexistro: 35813
Data envío: 07/10/2025 11:23:00.631

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

As miocardiopatías constitúen un grupo de enfermidades potencialmente graves, polo risco de morte súbita que supoñen e pola importante afectación sobre a calidade de vida das persoas que as padecen. Dentro delas, as miocardiopatías hipertróficas conforman o subgrupo máis frecuente cunha importante base xenética, polo que se poden transmitir de pais a fillos, e de aí a súa agrupación a miúdo como miocardiopatías ou cardiopatías familiares.

Frecuentemente, permanecen sen diagnosticar e asintomáticas, mentres non afectan á función do músculo cardíaco. Con todo, poden debutar cunha morte súbita e de feito son a primeira causa de morte súbita en mozas e mozos, e deportistas.

En España calcúlase que existen ao redor de 150.000 persoas que padecen algún dos diferentes tipos de miocardiopatía existentes, e os datos concretos de Galicia foron solicitados nunha pregunta escrita polo noso grupo.

As persoas que padecen unha miocardiopatía poden chegar a ver limitadas as súas capacidades para traballar, realizar actividades físicas etc. E a pesares de todos os problemas que lles supón e que impactan na sanidade pública, é pouca a atención que reciben.

Insistir que, desde o punto de vista asistencial, as miocardiopatías son unha causa importante de transplantes cardíacos, de ablacións e dun elevado uso de recursos sanitarios.

Asinado o día 07/10/2025 ás
11:21
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 07/10/2025 ás
11:21
Por Elena Espinosa Mangana

CSM-REXPG-SOemPir2R-7
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:23:00
Nº Rexistro: 35813
Data envío: 07/10/2025 11:23:00.631

En Galicia, a Unidade de Cardiopatías Familiares do Centro Hospitalario Universitario da Coruña é unha das unidades de referencia designadas polo Ministerio de Sanidade para o diagnóstico e tratamento das cardiopatías familiares. Nesta unidade pluridisciplinar (cardioloxía, cirurxía cardíaca, radioloxía, xenética, anatomía patolóxica, ...) faise o seguimento de máis de 3.000 familias con algunha cardiopatía familiar.

Con todo, non todos os hospitais contan con este tipo de unidades onde se atenden de maneira multidisciplinar a estes pacientes.

Por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Está a Xunta de Galicia disposta a reforzar as unidades multidisciplinares de miocardiopatías ou cardiopatías familiares no Sergas?
2. Está a Xunta de Galicia disposta a elaborar un protocolo de coordinación destas unidades co resto de servizos de cardioloxía e de atención primaria para asegurar o correcto seguimento dos doentes con estas enfermidades?

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2025

CSV REXPO-SOemPm2R-7
Verificación
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 07/10/2025 11:21:31

Silvia Longueira Castro na data 07/10/2025 11:21:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:23:00
Nº Rexistro: 35813
Data envío: 07/10/2025 11:23:00.631

CSV REXPG-SOemPm2R-7
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/10/2025 11:23:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2025 11:23:00
Nº Rexistro: 35813
Data envío: 07/10/2025 11:23:00.631

CSV REXPO-SOemPm2R-7
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 12:40:04
Nº Rexistro: 38097
Data envío: 04/11/2025 12:40:04.452

Á MESA DA COMISIÓN 5ª

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, solicitan a esa mesa se proceda ao **aprazamento** da súa iniciativa con número de rexistro (35813) incluída na orde do día da sesión da Comisión 5ª, prevista para o día 6 de novembro de 2025.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2025

Asinado o día 04/11/2025 ás
12:38
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 04/11/2025 ás
12:38
Por Elena Espinosa Mangana

CSV: REVPG-WZ7Q61KH-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 04/11/2025 12:38:41

Silvia Longueira Castro na data 04/11/2025 12:38:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 12:40:04
Nº Rexistro: 38097
Data envío: 04/11/2025 12:40:04.452



CSV REXPG-WZQ61H-S
Verificar
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 12:40:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2025 12:40:04
Nº Rexistro: 38097
Data envío: 04/11/2025 12:40:04.452

CSV REXPG-WZQ61H-S
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 18.12.2025

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 41113(12/POC-006410)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para preparar o sistema sanitario ante a chegada do andazo de gripe e de enfermidades respiratorias deste ano

Publicación iniciativa vía urxencia, 299, 11.12.2025

Por Iria Carreira Pazos

CSV: REVPG-bsefggQm-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 41113
Data envío: 09/12/2025 18:58:52,525

Asinado o día 09/12/25
18:58
Por Olalla Rodil Fern

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos, Ariadna Fernández González, Iago Suárez Fernández e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, sobre as medidas a tomar diante do aumento de enfermidades respiratorias, especialmente a gripe.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer canto antes en sede parlamentar as medidas que vai adoptar a Xunta de Galiza diante do aumento de enfermidades respiratorias, especialmente a gripe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aínda non chegamos o pico da gripe e das infeccións respiratorias e a situación nos centros de saúde é máis que preocupante. A moita a dificultade que moitos e moitas doentes teñen xa estes días para conseguir unha cita co seu médico/a de cabeceira. Cada día son máis os centros nos que xa non queda oco en todo o mes de decembro.

Unha situación que é consecuencia da situación de baixo mínimos na que se atopa a Atención Primaria, consecuencia dunha política sanitaria que escatima en persoal e orzamento. Segundo denuncia o informe do CES en dous anos hai 141 médicos ou médicas de familia menos en dous anos; o Goberno do PP recortou desde

Asinado o día 09/12/2025 ás
18:57
Por Iago Suárez Fernández

Asinado o día 09/12/2025 ás
18:57
Por María Montserrat Prado Cores



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 41113
Data envío: 09/12/2025 18:58:52.525

2009 case 1.700 millóns de euros no primeiro nivel asistencial e o auténtico eixo vertebrador do sistema público de sanidade.

Hai centros sen ningún médico, outros nos que tiña que haber catro e hai un; onde tiña que haber sete, pode haber dous, casos nos que non se presta asistencia ou só se presta unhas horas.

O problemas para recibir atención debido aos recortes e a falta de planificación da Consellería fan que moitos e moitas doentes, tanto as crianzas que sofren a falta de pediatras como os adultos, acudan os servizos de urxencias, o que está provocando que tamén PACs e urxencias hospitalarias estean tremendamente tensionada.

Estamos vendo urxencias con doentes nos corredores, incluídos enfermos con problemas de saúde mental que precisan vixilancia constante, e hai pacientes que teñen que agardar varios días para ser ingresados en planta. Casos sangantes como a do hospital Abente y Lago da Coruña, onde están ingresando tres doentes en habitacións de dimensións moi reducidas, imposibilitando unha atención minimamente digna.

É preciso que a Consellería de Sanidade deixe de actuar para a galería e se anticipe ao pico máximo da gripe e outras enfermidades relacionadas con infeccións respiratorias poñendo en marcha as medidas e os recursos necesarios, e habilitando con antelación a totalidade das camas hospitalarias.

Non se pode agardar a que o problema chegue ao seu punto máximo para abrir camas, porque facelo non consiste en darlle a un interruptor, senón que hai que contratar o persoal, dotar de medicación, de material, de persoal preciso de enfermería, de medicina, de tcaes (tecnicxs de coidados auxiliares de enfermería), de celadores, de limpeza... É imprescindible a planificación e a programación, e ter todos estes recursos preparados e totalmente operativos sen esperar a que se produza o problema.



CSV REXISTRO-bse-fggOmi-8

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 41113
Data envío: 09/12/2025 18:58:52.525

Os galegos e as galegas teñen dereito a unha atención sanitaria de calidade e os profesionais a unhas condicións laborais dignas, sen ter que estar continuamente en situación límite, sobrecargados de traballo, facendo o traballo de tres ou catro e tendo que dobrar quendas, é necesario dotar de máis persoal sobre todo á Atención Primaria, para evitar que cheguen máis casos ás Urgencias.

Por todo isto formúlase as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

En que consiste o plan de continxencias posto en marcha polo Sergas diante do aumento de enfermidades respiratorias, especialmente a gripe?

Cantos recursos foron mobilizados, desagregados por centros?

Considera o Sergas que ter convertido en norma as intersubstitucións, as prolongacións de xornada para que unha profesional faga o traballo de 3, 4 os os que fagan falta, permite unha asistencia sanitaria de calidade?

Cal é a relación de centros de saúde con prazas estruturais sen cubrir?

Cantos son @s galeg@s sen asignación de médic@ de familia e pediatra, desagregado por centro de saúde e concello?

Cantos son @s profesionais que están realizando un aumento de xornada laboral, especificando a modalidade: prolongación, intersubstitucións...desagregado por categorías?

Cal é o número medio de horas mensual que están a realizar @s profesionais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 41113
Data envío: 09/12/2025 18:58:52.525

E o número medio de doentes que están atendendo cada día?

Cal é a porcentaxe de eventualidade do persoal do Sergas, desagregado por categorías?

A previsión contempla ter operativos todos os recursos hospitalarios e as contratacións de persoal a tempo completo até que se verifique a diminución da demanda?

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2025

CSV REXPC-bsefggOm-8
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/12/2025 18:57:27

Iago Suárez Fernández na data 09/12/2025 18:57:49

Olalla Rodil Fernández na data 09/12/2025 18:58:02

Iria Carreira Pazos na data 09/12/2025 18:58:13,09/12/2025 18:58:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 41113
Data envío: 09/12/2025 18:58:52.525

CSV REXPO-bsefggOm-8
Validado
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/12/2025 18:58:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 41113
Data envío: 09/12/2025 18:58:52.525

CSV REXPO-bsefggOm-8
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

